

Os concellos de Becerreá, Cervantes, Navia e Pedrafita, novamente “os grandes discriminados” pola Xunta no reparto dos obradoiros de emprego

Os alcaldes destes concellos lamentan que, unha vez máis, sexan vetados polo Goberno galego nesta iniciativa, o que demostra, engaden, “o partidismo e o sectarismo co que actúa a administración autonómica”, pois defenden que presentaron os proxectos en tempo en forma, tal e como estipula a Consellería de Traballo

“Unha vez máis estannos a tomar o pelo. Parécenos inadmisibile que o Goberno do Sr. Feijóo teña tanta desvergoña política. Esta Xunta de Galicia está a esmagar aos concellos e aos nosos veciños. Que pasa, que un cidadán de Becerreá ou de Navia ten menos dereitos a ser contratado que un de Folgoso ou Quiroga? O Goberno de Feijóo non ten medo a actuar segundo criterios partidistas, senón que mesmo o din claramente”, denuncian os rexedores

Consideran que os obradoiros “foron creados xa baixo o escurantismo”. Proba disto é que o 65% dos criterios que fixaban as bases para a concesión destas axudas eran de carácter subxectivo, mentres que tan só o 35% eran obxectivos. É dicir, “deixaron a marxe suficiente para incluír a puntuación dende a subxectividade segundo o que lle interese ao PP en lugar de defender o interese xeral”

A MONTAÑA, 31 DE MARZO DE 2015.- Os alcaldes de Becerreá, Cervantes, Navia de Suarna e Pedrafita do Cebreiro lamentan que, novamente, fosen “os grandes discriminados” pola Xunta de Galicia no reparto dos obradoiros de emprego, a pesares de cumprir “escrupulosamente, ano tras ano, coas directrices fixadas pola administración autonómica.

Concretamente, estes concellos, tal e como fixo público no día de onte a Delegada da Xunta en Lugo, non recibiron ningunha destas iniciativas. Deste xeito, para Manuel Martínez, Benigno Tadín, José Fernández e José Luis Raposo queda demostrado “o partidismo e o sectarismo absoluto” co que actúa a administración autonómica. “A xestión da Consellería de Traballo está a deixar fóra do seu plan aos municipios máis despoboados da provincia, e iso que nós presentamos proxectos que son homologables co que manda a Xunta”. A este respecto, indican, sorprende que, pola contra, outras agrupacións da mesma cor política que o Goberno Galego repitan ano tras ano”.

“Unha vez máis estannos a tomar o pelo. Parécenos inadmisibile que o Goberno do Sr. Feijóo teña tanta desvergoña política. Sistemáticamente rexeita as nosas peticións, esmagando aos concellos e aos nosos veciños. Que pasa, que un cidadán de Becerreá ou de Navia ten menos dereitos a ser contratado que un de Folgoso ou Quiroga? Estamos diante a desfachatez máis absoluta que se pode ter en política. O Goberno de Feijóo xa non ten medo a actuar segundo criterios partidistas, senón que mesmo o din claramente, discriminan aos concellos que non son do PP e discriminan así aos desempregados”, denuncian os rexedores destes municipios.

Escurantismo e subxectividade nas bases

Segundo explican estes alcaldes o nacemento destes obradoiros xa se produciu baixo o escurantismo. Proba diso é que o 65% dos criterios que fixaban as bases para a concesión destas axudas eran de carácter subxectivo, mentres que tan só o 35% eran obxectivos. Así mesmo, segundo a orde publicada polo Executivo galego en decembro e que regula as bases deste plan, a puntuación máxima que as entidades locais podían acadar era de 59 puntos, dos que 21 procedían dos criterios obxectivos e 38 dos subxectivos. É dicir, “deixaron a marxe suficiente para incluír a puntuación dende a subxectividade segundo o que lle interese ao PP en lugar de defender o interese xeral”.